

## O profesor D. Andrés Santiago Suárez Suárez

PEDRO SOLBES MIRA  
Ministro de Economía e Facenda

*Recibido:* 14 de xuño de 2007

*Aceptado:* 8 de novembro de 2007

Agradezo a invitación da *Revista Galega de Economía* para participar neste número extraordinario dedicado ao profesor Andrés Santiago Suárez Suárez e quero achegar algunhas reflexións sobre unha figura tan senlleira e humanamente excelente como á que aquí se lle rende homenaxe e á que eu tiven o pracer de coñecer e frecuentar. Hai carreiras que son tan estruturadas como previsibles e conforme as sociedades ou as institucións se consolidan, eses modelos de carreiras tenden a ser a norma e non a excepción. Andrés Suárez foi, pola contra, a excepción personificada no que ten de gozosa negación do fatal e necesario. Unha sorprendente síntese do local e do xeral ata o punto de constituír unha personalidade bastante infrecuente.

Galego ata a medula, identificado coa paisaxe e co mundo rural, polo que sentía devoción, triunfou nunha disciplina tan urbana e moderna como a Economía da Empresa.

Andrés Suárez tivo que enfrontarse con diversas dificultades de partida que forxaron o seu carácter. Con escasas oportunidades ata a súa adolescencia, era doce anos máis tarde catedrático de universidade. Hai moitos casos coma este de brillante intelixencia e férrea vontade?

Non vou insistir nos fitos da súa carreira académica que, sen dúbida ningunha, serán glosados aquí e que figuran na Rede a disposición de todos, pero si quero destacar a importancia social de difusión dos coñecementos que a súa obra significa. Algúns dos seus libros, como *Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa*, coñeceron un éxito pouco común na bibliografía española e chegaron a acadar a categoría de clásicos.

Usando máis da intuición que do meu coñecemento do campo académico, penso que Andrés Suárez foi unha ponte entre o estado inicial da Economía da Empresa e o espléndido momento que esta goza na actualidade. E por esa ponte pasouse dunha materia a toda unha carreira.

Non podo concluír sen referir unha anécdota que foi contada polo interesado e que ilustra como a súa mente académica se empapou da astucia da súa Galicia rural.

Ao chegar a Alacante para un destino docente, hospedouse con outros compañeiros nunha residencia. Ao día seguinte tiñan que ir á Escola de Comercio. Andrés preguntoulle ao home da recepción: “*Sabe onde se atopa o Instituto?*”. O home

non tiña nin idea. “*Pero Andrés, se temos que ir á Escola de Comercio*”. “*Xa o sei, replicou Andrés, pero se non sabe onde está o Instituto, como vai saber onde está a Escola de Comercio?*”. Pura sabedoría popular que non desmerecería ao machadaino Juan de Mairena.